

# **EXPOSICIÓN**

## **ESCOLAS CULTURAIS MUNICIPAIS**

### **(CURSO 2008-2009)**

O Concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo, Celestino Poza, acompañado dos alumnos/as, profesores e profesoras das disciplinas artísticas das Escolas Culturais Municipais, inauguran o vindeiro venres 5 de xuño ás 20:30 na Sala de Exposicións dos Muíños de Acea de Ama a exposición das obras realizadas polos alumnos/as das especialidades de debuxo e pintura, óleo e fotografía dixital. Un total de 300 alumnos/as dende nenos a adultos que durante todo o curso dende outubro viñeron realizando un traballo excelente.

Co remate do curso 2008-2009, o alumnado que participa nas especialidades artísticas das Escolas Culturais Municipais ofrécenos unha mostra do traballo que viñeron desenvolvendo ao longo de varios meses. A ilusión e constancia que empregaron para realizar as súas obras, roubándolle tempo a outros quefaceres cotiás, compártena agora con nós.

Por noveno ano consecutivo a Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” acolle a exposición das Escolas Culturais. É a nosa Sala un referente no ámbito das Artes Plásticas na comarca coruñesa. Non se concebiu como un recinto destinado a elites artísticas, senón que o seu obxectivo era converterse nun lugar de encontro no que tiveran cabida tanto artistas de traxectoria recoñecida (neste sentido, teñen pasado importantísimas figuras da arte galega) como persoas afeccionadas á arte que deben compaxinar esta inquedaanza con outras tarefas profesionais, pero que quizais tamén poderían, nun momento dado, pola calidade da súa obra, dedicarse profesionalmente á arte. E tamén é probable que, nun futuro próximo, algunhas das persoas que participan agora nesta exposición das Escolas Culturais, ou en edicións anteriores, nos presenten as súas exposicións individuais.

Espertar na cidadanía o interese e o amor pola Arte, achegala ao público, foi a razón que levou a iniciar o proxecto das Escolas Culturais Municipais. Van xa 22 anos dende a súa creación. No transcurso deste tempo, convertéronse nunha auténtica institución en Culleredo, nunha “Universidade popular”. Escola de base para a aprendizaxe de diferentes disciplinas artísticas, asisten a ela persoas de diferentes idades, impartíndose as clases en diversos centros municipais.

As disciplinas artísticas que se imparten nas Escolas Culturais, o programa continuado de exposicións (pintura, fotografía, escultura, didácticas...), o Concurso de Pintura “Pintor Argüelles”, os Diálogos de Pintura e Poesía, dos que xa se levan celebrado dúas edicións ou, moi recentemente, a inclusión da pintura dentro da oferta da Feira de Artesanía, Libro e Pintura de Culleredo, son algúns dos expoñentes que fan de Culleredo un concello volcado no mundo da Arte.

Os meus parabéns a todas as persoas que participan nesta Exposición. Os meus parabéns ao profesorado. E o meu ánimo para que sigan traballando con ilusión o próximo curso. Agardámosvos.

#### DISCIPLINAS ARTÍSTICAS IMPARTIDAS

- DEBUXO/PINTURA
- ÓLEO
- FOTOGRAFÍA DIXITAL

Inauguración o venres 5 de xuño de 2009, ás 20.30 h,  
na Sala de Exposicións "Xosé Rey Lago"  
dos Muíños de Acea de Ama  
(Acea de Ama - O Burgo),  
Do 5 ao 20 de xuño de 2009.

#### Horario:

Luns a venres: De 18.00 a 21.00 h.  
Sábados: De 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Culleredo, 1 de xuño de 2009.  
O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez